

## **Convocatoria para o ano 2024 das axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia.**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos Nacional de Subvencións

### **ARTIGO 1.-OBXECTO**

Mediante esta disposición convócanse as axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia, destinadas a facilitar o uso dun medio alternativo de transporte, a aquelas gravemente afectadas na súa mobilidade e que cumpran cos requisitos das Bases reguladoras destas, aprobadas no Pleno do 14 de decembro do 2018.

### **ARTIGO 2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

O prazo de presentación comezará o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 31 de outubro de 2024 e, en todo caso, no momento de esgotamento do crédito orzamentario, o que será publicado no Boletín Oficial da Provincia mediante resolución do órgano municipal competente.

### **ARTIGO 3.- CRÉDITO**

O importe total destinado a estas subvencións é de 40.000,00€.

As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación 231.48903 do Orzamento municipal de 2024, quedando condicionada a concesión de subvencións á existencia de crédito idóneo e suficiente.

A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación mediante resolución do órgano municipal competente e terá efecto logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño , así como o da Lei 38/2003, do 17 de novembro

### **ARTIGO 4.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "SOCYAL", co obxecto de xestionar o presente procedemento e informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Arteixo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Alcalde do Concello de Arteixo, mediante o envío dunha comunicación á seguinte dirección: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), ou a través de un correo electrónico a [alcaldia@arteixo.org](mailto:alcaldia@arteixo.org).

### **ARTIGO 5. - REMISIÓN NORMATIVA**

En todo o non recollido nesta disposición aplicarase o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais publicada no BOP do 23/04/2018; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no seu Regulamento publicado no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, ademais de toda aquela que pola súa materia específica sexa aplicable.

### **DISPOSICIÓN ÚLTIMA.- ENTRADA EN VIGOR.**

Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da Provincia.

Arteixo 29/12/2022

Carlos Calvelo Martínez

Alcalde- Presidente